

ROGO DE AER RELATIVO VARIOS ASUNTOS. (Rex. Entrada 27.12.2017, 2017-E-RPLN-13).

PLENO 28 DECEMBRO 2017. ACTA 014/2017

Sobre a correcta redacción de escritos oficiais do Concello

Dende hai xa ben anos, o Concello de Redondela conta cun Servizo de Normalización Lingüística a disposición de tódalas veciñanza e, como non, tamén a disposición de todo traballador do concello e membros da corporación local. En numerosas ocasións vense observando que as comunicacións e escritos oficiais do Concello adoecen dunha certa incorrección gramatical e ortográfica. A modo de exemplo, a mensaxe recibida polos grupos políticos dende alcaldía o 23 de decembro convocando a Xunta de voceiros, e que dicía tal que así:

Boa tarde, lles recordamos que o vindeiro martes día 26 ás 8:30 horas se celebrará a xunta de voceiros para a preparación do pleno do xoves.

Un saúdo

Cando unha redacción máis correcta pasaría por:

Boa tarde, recordámoslles que o vindeiro martes día 26 ás 8:30 celebrarase a Xunta de voceiros para a preparación do pleno do Xoves.

Un saúdo

ROGAMOS que se dean as instrucións oportunas para que os escritos e comunicacións oficiais do Concello de Redondela sexan redactado coa maior rigorosidade gramatical e ortográfica posible, facendo uso do Servizo de Normalización Lingüística en caso de dúbidas ou para que realicen a oportuna revisión dos textos.